



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XUÑO DE 2.021**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e oito minutos do día tres de xuño de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Fernandes Pires, D^a Tamara Ballesteros Vidueira e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG, D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP; xustifican a súa ausencia por motivos persoais D^a Cristina Clavería Alves e D. Francisco Antonio García Fornos, do grupo municipal do BNG e, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno de carácter extraordinario en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 27/11/2020.

Por maioría, cos votos a favor dos 5 integrantes do grupo municipal do BNG e a abstención dos representantes do PSdeG e PP foi aprobada a acta correspondente á sesión do 27/11/2020

2º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A DERRADEIRA SESIÓN.

O Alcalde-Presidente indica que están a disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía adoptadas dende a derradeira sesión.

3º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2020 APROBADO POR DECRETO DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde-Presidente sinala que foi aprobada a Liquidación do Orzamento 2020 que está a disposición da Corporación e que presenta un resultado orzamentario positivo de 73.919,46 € e un Remanente de Tesourería de 152.724,81 €.

Manifesta que dacordo cos informes de Secretaría –Intervención a Liquidación do exercicio 2020 presenta resultados positivos nos indicadores de Aforro Neto e estabilidade orzamentaria e permitiu reducir sensiblemente o Período Medio de pago a provedores.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

4º.- DAR CONTA INFORME Ó MINISTERIO DE FACENDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE APROBADO NO 2012.

Indica o Sr. Secretario-Interventor as liñas do informe remitido para coñecemento do Pleno da Corporación e que literalmente se recolle na Acta, informe do que o Pleno toma razón:

**INFORME SEGUIMENTO 2020
DO PLAN DE AXUSTE ACTUALIZADO NO 2019. Medida 3 CDGAE
INFORME AO PLENO DA CORPORACIÓN**

Con motivo da adhesión á medida 3 da Comisión Delegada do Goberno para asuntos económicos do 14 de marzo de 2019, foi actualizado o PLAN DE AXUSTE aprobado en 2012.





Neste informe anual ao Pleno da Corporación damos resposta tamén ao escrito recibido da Secretaria Xeral de Financiamento Autonómico e Local con Rexistro de entrada 924 de 14-12-2020 no que se solicita a adopción de novas medidas por desviación nos criterios de MOROSIDADE e Aforro Neto.

Realizado o peche de exercicio 2020 podemos extraer as seguintes consideracións dos resultados da Liquidación 2020 O resultado orzamentario correspóndese co seguinte cadro:

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO

Entidad: 50 CONCELLO A MEZQUITA

Pág. 1

III. RESULTADO PRESUPUESTARIO

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes.....	1.038.164,97	909.869,98		
b. Otras operaciones no financieras.....	48.163,15	91.740,45		
1.- Total operaciones no financieras (a+b)	1.084.328,12	1.001.610,43		
2.- Activos financieros.....	---	0,00		
3.- Pasivos financieros.....	387,20	9.168,59		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO.....	1.084.715,32	1.010.779,02		73.936,30
AJUSTES:				
4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales.....			69.000,00	
5.- Desviaciones de financiación negativas del ejercicio.....		 0,00	
6.- Desviaciones de financiación positivas del ejercicio.....		 0,00	69.000,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO.....				142.936,30

Como vemos prodúcese un resultado orzamentario no exercicio de 73.936,30€ destacando o aforro bruto de 128.294,99€ diferenza entre os DRN e as ORN.

Como dicíamos no informe realizado en base á Liquidación do exercicio 2019 a morosidade foi reflexo do pago dunha facturación de exercicios anteriores moi cuantiosa con Comercializadora Gas Power e Naturgy. Neste exercicio 2020 produciuse o seguinte Estado de Remanente de Tesourería

COMPONENTES	IMPORTES AÑO		IMPORTES AÑO ANTERIOR	
1. (+) FONDOS LIQUIDOS		10.922,58		2.473,74
2. (+) DERECHOS PENDIENTES DE COBRO		285.911,52		363.358,76
- (+) del Presupuesto corriente	170.069,84		262.233,76	
- (+) de Presupuestos cerrados	108.642,52		94.854,16	
- (+) de operaciones no presupuestarias	6.199,06		6.270,84	
3. (-) OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO		66.637,03		79.724,14
- (+) del Presupuesto corriente	46.835,79		62.952,30	
- (+) de Presupuestos cerrados	859,74		0,00	
- (+) de operaciones no presupuestarias	18.941,50		16.771,84	
4. (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN		-5.000,00		-38.000,00
- (-) cobros realizados pdtes. de aplic. definitiva	5.000,00		38.000,00	
- (+) Pagos realizados pdtes. de aplic. definitiva	0,00		0,00	
I. Remanente de tesorería total (1+2-3+4)		225.197,07		248.108,36
II. Saldos de dudoso cobro		72.071,32		74.196,80
III. Exceso de financiación afectada		0,00		0,00
IV. Reman. de tesorería para gastos generales (I-II-III)		151.000,47		173.911,79





Constátase o mantemento dun Remanente de Tesourería positivo unha vez estimados os saldos de dubidosa cobranza de 151.000,47€ e vemos que se reduciron sensiblemente as obrigacións pendentes de pago en comparación co exercicio anterior.

Así mesmo, a situación correspondente ao Período Medio de Pago presenta o seguinte estado no 4º trimestre 2020.

Entidad	Ratio Operaciones Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operaciones Pendientes (días)	Importe Pagos Pendientes (euros)	PMP (días)	Observaciones
Mezquita (A)	62,89	151.887,64	74,88	46.992,19	65,72	
PMP Global		151.887,64		46.992,19	65,72	

Este dato que reflicte a evolución positiva de reducción do PMP deberá consolidarse no exercicio 2021. Dos datos da Liquidación de exercicio 2020 podemos destacar tamén que se produciu unha redución significativa na débeda financeira como reflicte o seguinte cadro:

ENTIDADE	SALDO 31-12-2020	AMORTIZACION 2020	SALDO 31-12-2021
BBVA Ano formalización 22-06-2010 Remata 31-12-2029 Importe Inicial 165.00 €	82.500,24€	Ordinario trimestral Marzo 2.291 Xuño 2.291,66 Setembro 2.291 Decembro 2.291 ,66	73.333,60€
Banco Santander Préstamo ICO agrupado Formalizado 18-112019 Importe 408.326,99 Remata 30-06-2026	408.326,99€	Carencia ata 30-062022 Intereses 30-06-2021 5.353,17 €	408.326,99 €
TOTAIS	490.827,23€		481.660,59€





EVOLUCIÓN DÉBEDA MUNICIPAL

2017	2018	2019	2020
622.997,19€	520.790,34€	499.992,99€	490.827,23€

En relación ao nivel de débeda financeira na liquidación do orzamento do exercicio 2019 ascendía a 31-12-2019 a 499.993,87€ e representaba ao 52% sobre os ingresos ordinarios sendo inferior ao 75%. Na Liquidación do Orzamento 2020 ascende a 490.827,23€ representando o 47,2% sobre 1.038.164,97€ DRN.

Ao priorizar o pago da débeda comercial para cumprir o PMP non se puideron realizar amortizacións anticipadas de préstamos estando contemplado destinar fondos extraordinarios para proceder a este labor en 2021 e 2022.

En relación ao obxectivo de cumprimento do PMP realizamos un importante avance unha vez que saldamos a débeda con Naturgy de exercicios pechados. O resultado do PMP no exercicio tivo a seguinte evolución:

- 1º trimestre 101,64 días
- 2º trimestre 111,20 días
- 3º trimestre 60,9 días
- 4º trimestre 65,72 días

No presente exercicio 2021 vanse adoptar novas medidas que mellorasen a tesourería municipal que se liberou da carga de pago de facturas de exercicios pechados.

Á cobranza de abastecemento de auga no 2020 que reportou DRN por importe de 60.934,79€ vai engadir a actualización das tarifas por servizo de recollida de lixos para continuar equilibrando o servizo cun incremento de recadación estimado en 17.000€.

As inspeccións tributarias do servizo de recadación permitiron recadar mais de 14.000€ e tivemos unha liquidación positiva de Participación nos Tributos do Estado de 2018 que ascendeu a 23.705,15€.

Así mesmo, a PTE entregas a conta 2021 incrementouse en 6.000€ anuais.

No apartado de gastos mantéñense as medidas aprobadas no Plan de Axuste e pódese comprobar o cumprimento da Regra de Gasto tamén na Liquidación do Exercicio 2020 aínda non estando en vigor.

ESTIMACION REGLA DE GASTO LIQUIDACIÓN 2020

Limite Regla de Gasto 2020	646.691,54€(2019)+tasa referencia 2,7%
	664.150,00€
ORN Capitulo 1 a 6	1.001.610,43€
Axustes:	
. Cap. 3 gastos financeiros:	5.981,74€
. Gastos finalistas Cap. 4	200.524,43€
. Gastos finalistas Cap. 4 Deput.	71.261,76€
. Gastos finalista Cap. 7 Xunta	46.163,15€

Maiores ingresos permanentes de recadación auga	15.000€
---	---------

GASTO COMPUTABLE 2020: 662.679,35€
Diferencia - 1.470,65€

En relación ao obxectivo de cumprimento do PMP realizamos un importante avance unha vez que saldamos a débeda con Naturgy de exercicios pechados. O resultado do PMP no exercicio tivo a seguinte evolución:





1º trimestre 101,64 días
2º trimestre 111,20 días
3º trimestre 60,9 días
4º trimestre 65,72 días

No presente exercicio 2021 vanse adoptar novas medidas que mellorasen a tesourería municipal que se liberou da carga de pago de facturas de exercicios pechados.

Á cobranza de abastecemento de auga no 2020 que reportou DRN por importe de 60.934,79€ vai engadir a actualización das tarifas por servizo de recollida de lixos para continuar equilibrando o servizo cun incremento de recadación estimado en 17.000€.

As inspeccións tributarias do servizo de recadación permitiron recadar mais de 14.000€ e tivemos unha liquidación positiva de Participación nos Tributos do Estado de 2018 que ascendeu a 23.705,15€.

Así mesmo, a PTE entregas a conta 2021 incrementouse en 6.000€ anuais.

No apartado de gastos mantéñense as medidas aprobadas no Plan de Axuste e pódese comprobar o cumprimento da Regra de Gasto tamén na Liquidación do Exercicio 2020 aínda non estando en vigor.

ESTIMACION REGLA DE GASTO LIQUIDACIÓN 2020

Limite Regla de Gasto 2020 646.691,54€(2019)+tasa referencia 2,7%

664.150,00€

ORN Capitulo 1 a 6 1.001.610,43€

Axustes:

. Cap. 3 gastos financeiros:	5.981,74€
. Gastos finalistas Cap. 4	200.524,43€
. Gastos finalistas Cap. 4 Deput.	71.261,76€
. Gastos finalista Cap. 7 Xunta	46.163,15€

Maiores ingresos permanentes de recadación auga 15.000€

GASTO COMPUTABLE 2020: 662.679,35€

Diferencia - 1.470,65€

En relación o Aforro Neto 2020

➤ DRN 1.038.164,97 cap. 1 a 5	
➤ ORN 909.869,98 cap. 1, 2 e 4	
➤ AHORRO BRUTO 128.294,99	
➤ Anualidad Teórica de amortización sin tener en cuenta	
carencia: Capital (81.665,39+9.168,59)---	90.833,98
Intereses: (5.353,17+895,15) -----	6.248,32

ANUALIDADE TEORICA DE AMORTIZACIÓN	97.082,30
AFORRO NETO	+ 31.212,69

En definitiva entendemos que os datos da Liquidación do orzamento 2020 son positivos e constatan unha melloría significativa no Período Medio de Pago, e nas magnitudes recollidas no Resultado Orzamentario, Remanente de Tesourería, Aforro Bruto, Aforro Neto positivo e a carga financeira do nivel de débeda do 47,2%.

No exercicio 2021 coas medidas avanzadas debemos consolidar esta situación con especial atención ao cumprimento do PMP e á redución do Préstamo Agrupado Medida 3





da CDGAE, polo que o Pleno da Corporación deberá prestar especial atención e seguimento á evolución trimestral destes obxectivos.

5º.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2021 POR TRANSFERENCIAS ENTRE PARTIDAS.

Indica o Alcalde-Presidente a necesidade de realizar pequenos axustes nas partidas de gastos do vixente orzamento 2021.

Sinala que básicamente as transferencias entre partidas afectan a área de servizos sociais para reforzar o Capítulo 2 para cubrir baixas de persoal no Servizo e poder contratar a través do servizo de empresas do sector á atención ós usuarios do SAF.

O expediente MC1/2021 conta cos informes de Secretaría e Intervención e foi dictaminado favorablemente na Comisión de Facenda polo que o Pleno da Corporación, sometido a votación poa Presidencia, por maioría cos votos a favor dos integrantes do grupo municipal do BNG e a abstención dos representantes do PSdeG e PP adoptou o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de MC1/2021 coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións como recolle a Alcaldía na súa providencia de 10 de maio 2021.

ALTAS EN APLICACIÓN DE GASTOS

Partida	Créditos iniciais	Transferencia de Créditos	Consignación Final
231 227.06	5.000€	+7.000€	12.000€
231 451.00	2.000€	+2.000€	4.000€
920 222.00	1.200€	+2.000€	3.200€
1531 131.00	14.000€	+4.000€	18.000€
INCREMENTOS TOTAIS		15.000€	

BAIXAS EN APLICACIÓN DE GASTOS

Partida	Consignación Inicial	Baixas	Consignación Final
942.4200	2.000,00€	-2.000€	0€
944.42000	9.000,00€	-9.000€	0€
920.12005	7.189,14€	-4.000€	3.189,14€
BAIXAS TOTAIS		15.000€	

SEGUNDO.- Someter a exposición pública mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante a exposición pública non se presentan alegacións.





6º.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2021 POR XERACIÓN DE INGRESOS.

Da conta o Sr. Alcalde das xestións realizadas para conquistar axudas do IDAE para a mellora dos alumeados públicos nos pobos da Mezquita, O Pereiro, Chaguazoso, Manzalvos, Cádavos e Vilavella por importe de 457.000 € e da Deputación Provincial de 113.000€ correspondentes á aportación municipal do 20 % do importe das obras. Sinala que as obras reducirán sensiblemente tamén o custe do alumeadado público e que a súa inclusión no Orzamento 2021 vai incrementar nun 50% o orzamento do Concello para o presente exercicio.

Indica que o expediente conta cos informes favorables de Secretaría e Intervención e que este gasto non conlevará fondos propios cubrindo o 100% das obras coas subvencións conquistadas.

Sometido a votación pola Presidencia, o Pleno da Corporación por maioría cos votos a favor dos (5) integrantes do grupo municipal do BNG e o voto en contra do portavoz do PP e a abstención do portavoz do PSdeG adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente do modificación de créditos 2/2021 por xeración de ingresos nas seguintes partidas:

Partida	Denominación	Subv. IDAE	Consignación
721.00	Subven. IDEA proxecto 3636	171.868,88 €	171.868,88 €
721.01	Subven. IDEA proxecto 3639	137.862,92 €	137.862,92 €
721.02	Subven. IDEA proxecto 4020	149.075,59 €	149.075,59 €
		TOTAL	458.807,39 €

Partida	Denominación	Consignación Inicial	Consignación AUMENTO
721.00	Aforro enerxético Deputación 3636	20.000 €	22.967,22 €
721.01	Aforro enerxético Deputación 3639	0 €	34.465,74 €
721.02	Aforro enerxético Deputación 3636	0 €	37.268,90 €
		TOTAL	94.701,86 €
		TOTAL INGRESOS	553.509,25 €

Así mesmo xerase crédito en base a estes ingresos para poder executar estes proxectos nas seguintes partidas do Estado de Gastos

Partida	Denominación	Consignación Inicial	Consignación AUMENTO
165 633 00	Proxecto reforma alumeadado 3636	20.000 €	175.305,54 €
165 633 01	Proxecto reforma alumeadado 3639	----	156.662,40 €
165 633 02	Proxecto reforma alumeadado 4020	----	172.541,19 €
165 227 06	Redacción proxectos IDAE	----	24.500,06 €
165 227 02	Honorarios dirección obras IDAE	----	24.500,06 €
		TOTAL GASTOS	553.509,25 €





SEGUNDO.- Someter a exposición pública coa publicación no BOP do presente acordo de aprobación inicial polo prazo de 15 días, considerando aprobado definitivamente o mesmo aprobado definitivamente o mesmo se non se formulan alegacións.

7º.- APROBACIÓN DOCUMENTO DELIMITACIÓN NÚCLEO RURAL TRADICIONAL O PEREIRO ASINADO EN DATA 20 MAIO 2021 POLO ARQUITECTO GERARDO SEOANE FIDALGO EN BASE Ó REQUIRIMENTO DO SERVIZO DE URBANISMO DO 20/01/2021.

Expón o Alcalde -Presidente a tramitación efectuada e a elaboración da nova documentación para cumprir os requisitos establecidos polo Servizo de Urbanismo do 20/01/2021.

Vista a nova documentación elaborada polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo, vistos os informes da Técnica Municipal de urbanismo e o informe-proposta de Secretaría-Intervención, sometido o asunto a votación polo Alcalde-Presidente o Pleno da Corporación, por unanimidade e quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DO PEREIRO, segundo o novo documento técnico de 20 de maio de 2021, asinado polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo que recolle as correccións e requirimentos efectuados polo Servizo de Urbanismo do 19/01/2021, especialmente a adaptación ás Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia.

SEGUNDO.- Continuar a súa tramitación ó abeiro do disposto no punto 2 da Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia a teor das Normas procedimentais dispostas na Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), adaptando plenamente as súas determinacións á Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- Elevar o expediente unha vez dilixenciado á D.X. do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

8º.- CANON UNITARIO TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS 2021 DE SOGAMA, REPERCUSIÓN ÓS USUARIOS.

Vista a Providencia da Alcaldía na que se recollen os seguintes antecedentes que obran no expediente Canon Unitario Tratamento Residuos domésticos 2021.

A Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Pois ben, no ano 2020 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ven de establecer unha bonificación no canon unitario para 2021, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano 2020.

Para poder beneficiarse desta bonificación, o mencionado apartado Tres bis da DA 21 da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de





Galicia para o ano 2014, establece as condicións que as entidades locais deben cumprir e que, sen prexuízo do alí disposto, se resumen no seguinte:

1. A aplicación da bonificación deberá solicitarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., no prazo dun mes dende a publicación no DOG do importe do canon unitario para 2021 e o importe bonificado. Dado que o Concello da Mezquita solicitou en tempo e forma a aplicación da correspondente bonificación para o exercicio 2021 e para dar cumprimento ás condicións establecidas para dita bonificación propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Visto o déficit existente no servizo de recollida e tratamento do lixo, entre a Recadación prevista da taxa pola recollida de lixo, ascendendo o Padrón de cobro da taxa no 2021 a 40.240 € e importando os custos de recollida e tratamento no 2021 74.400 € o que produce un déficit no servizo de 34.160 €.

Visto que no Concello da Mezquita no 2020 a facturación do número de toneladas ascendeu a 357,27 toneladas, sumando un impore anual previsible no 2021 coa aplicación do canon bonificado de 2.711,70 €, produto da aplicación do canon bonificado fronte ao prezo do canon unitario.

O Alcalde-Presidente somete a votación este punto sendo aprobado por unanimidad e co voto favorable de todos os grupos municipais o seguinte

ACORDO

Primeiro.-

Considerar como aportación dos usuarios do Servizo de recollida de lixo no 2021 a cantidade de 2.711,70 € correspondente ao canon bonificado.

Nas futuras actualización de tarifas e con efectos do 1 de xaneiro 2021 considerar como aportación dos usuarios o importe sinalado.

Segundo.-

O Pleno da Corporación asume o compromiso de procurar unha redución de residuos mediante a aplicación de medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas a prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

A este fin desenvolverase co punto de reciclaxe móbil do Concello unha campaña de sensibilización nos diferentes pobos do Concello.

9º.- PLAN CONCERTADO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2021.

Dá conta o Sr. Alcalde do Decreto da Alcaldía no que se aproba a solicitude de financiamento dos Servizos Sociais 2021 coñecido como Plan Concertado.

Por unanimidade o Pleno da Corporación co voto favorable de todos os grupos municipais acorda ratificar o Decreto da Alcaldía do 28/04/2021 no qu se aproba a xestión do cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios municipais cunha petición de subvención por importe de 100.803 € e unha aportación municipal de 48.280,44 €.

10º.- DAR CONTA EXPEDIENTE SANCIONADOR DE AUGAS DE GALICIA POLO CANON DA AUGA.

Informase ó Pleno pola Presidencia da apertura dun expediente sancionador contra o Concello da Mezquita por Augas de Galicia en base á inspección tributaria realizada coa reclamación do pago do Canon da auga de varios exercicios. Indica o Sr. Alcalde que veñen de pagarse os impostos correspondentes ó canon da auga do exercicio 2020 en dous pagos de 7.100 € e 4.600 €, correspondentes ó pagado polos usuarios do servizo de abastecemento de auga.





Maniférsta o Sr. Alcalde e o Pleno dase por enterado de que o Concello formulará as correspondentes alegacións ó expediente sancionador que pode estimarse segundo as previsións de Augas de Galicia nun 50% da reclamación triburaria de 55.000 €.

11º.- RATIFICACIÓN CESIÓN USO AULAS EDIFICIO MULTIUSOS Á ASOCIACIÓN TRES REINOS PARA CURSOS DE FORMACIÓN HOMOLOGADA.

Dá conta o Alcalde-Presidente da cesión de uso común especial pola especial intensidade á Asociación Os Tres Reinos para impartir cursos como Centro de Formación Homologado.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, co voto favorable dos grupos municipais do BNG, PSdeG e PP adopta o seguinte

ACORDO

Ratificar a Resolución da Alcaldía do 23/04/2021 autorizando á Asociación "Os Tres Reinos" e conceder LICENCIA MUNICIPAL para o USO COMÚN ESPECIAL pola especial intensidade das instalación do Centro Multiusos-Pranta baixa e aula dereita do piso superior a Asociación OS TRES REINOS para o funcionamento e impartición de cursos como Centro de Formación Homologado durante o calendario de funcionamento dos mesmos.

Esta autorización de uso realizase a título gratuito, dado o carácter sen ánimo de lucro da Asociación Os Tres Reinos e a finalidade de interese social da proposta de uso, co compromiso de utilizar as instalación para o uso solicitado e manter os espazos no estado en que os recibe.

Asimesmo esta autorización mediante licencia non implica ningún uso privativo do ben que limite ao Concello da Mezquita na posibilidade de utilización do centro multiusos para outras actividades e a propia programación que o Concello determine.

12º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN OBRA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO A MEZQUITA – O PEREIRO. EXPTE IDAE 3636. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO, PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS. LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. PREZO 195.305,54 € IVE INCLUÍDO.

Expón o Alcalde – Presidente a importancia de execución destas obras en base a financiación conseguida do IDAE e da Deputación Provincial de Ourense, que permitirán mellorar a eficiencia do alumeado público e reducir consumos e mantementos de xeito moi importante.

Sometido a votación pola Presidencia, o Pleno da Corporación por maioría con 5 votos a favor do Grupo Municipal do BNG e o voto do portavoz do Grupo Socialista e coa abstención do portavoz do Grupo Popular, adopta o seguinte:

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a "RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DA MEZQUITA NOS LUGARES DE A MEZQUITA O CAMPO, PEREIRO DE ARRIBA E PEREIRO CARRIZO", EXPTE DO IDAE Nº 3636, aprobando o respectivo Proxecto Técnico redactado polo Enxeñeiro D. Emilio Álvarez Suárez, convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcións Técnicas que rexerán o contrato.





3º- Aprobar o gasto correspondente a:

EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	165 633 00	195.305,54

4º.- Dar conta da presente Resolución á Intervención e a Tesourería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

5º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA.

6º.- Publicar no perfil do contratante e na Plataforma de contratación pública de Galicia toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día da publicación do anuncio de licitación.

7º.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante: segundo a proposta que figura no prego de cláusulas administrativas.

8º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución do presente acordo delegando na Alcaldía a Resolución das cuestión que se formulen durante a licitación.

13º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN OBRA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO CHAGUAZOSO E MANZALVOS. EXPTE IDAE 3639. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO, PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS. LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. PREZO 156,662,40 € IVE INCLUÍDO.

Expón o Alcalde – Presidente a importancia de execución destas obras en base a financiación conseguida do IDAE e da Deputación Provincial de Ourense, que permitirán mellorar a eficiencia do alumeado público e reducir consumos e mantementos de xeito moi importante.

Sometido a votación pola Presidencia, o Pleno da Corporación por maioría con 5 votos a favor do Grupo Municipal do BNG e o voto do portavoz do Grupo Socialista e coa abstención do portavoz do Grupo Popular, adopta o seguinte:

ACORDO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a "RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NON CONCELLO DA MEZQUITA NOS LUGARES DE CHAGUAZOSO E MANZALVOS", EXPTE DO IDAE Nº 3639, aprobando o respectivo Proxecto Técnico redactado polo Enxeñeiro D. Emilio Álvarez Suárez, convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

3º.- Aprobar o gasto correspondente a:





EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	165 633 01	156.662,40

4º.- Dar conta da presente Resolución á Intervención e a Tesourería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

5º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA.

6º.- Publicar no perfil do contratante e na Plataforma de contratación pública de Galicia toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día da publicación do anuncio de licitación.

7º.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante: segundo a proposta que figura no prego de cláusulas administrativas.

8º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución do presente acordo delegando na Alcaldía a Resolución das cuestión que se formulen durante a licitación.

14º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN OBRA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO VILAVELLA E CÁDAVOS. EXPTE IDAE 4020. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO, PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS. LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. PREZO 172.541,19 € IVE INCLUÍDO.

Expón o Alcalde – Presidente a importancia de execución destas obras en base a financiación conseguida do IDAE e da Deputación Provincial de Ourense, que permitirán mellorar a eficiencia do alumeado público e reducir consumos e mantementos de xeito moi importante.

Sometido a votación pola Presidencia, o Pleno da Corporación por maioría con 5 votos a favor do Grupo Municipal do BNG e o voto do portavoz do Grupo Socialista e coa abstención do portavoz do Grupo Popular, adopta o seguinte:

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a "RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DA MEZQUITA NOS LUGARES DE VILAVELLA E CÁDAVOS", EXPTE DO IDAE Nº 4020, aprobando o respectivo Proxecto Técnico redactado polo Enxeñeiro D. Emilio Álvarez Suárez, convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

3º.- Aprobar o gasto correspondente a:

EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	165 633 02	172.541,19





4º.- Dar conta da presente Resolución á Intervención e a Tesourería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

5º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA.

6º.- Publicar no perfil do contratante e na Plataforma de contratación pública de Galicia toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día da publicación do anuncio de licitación.

7º.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante: segundo a proposta que figura no prego de cláusulas administrativas.

8º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución do presente acordo delegando na Alcaldía a Resolución das cuestión que se formulen durante a licitación.

15º.- OPERACIÓN DE TESOURERÍA 1/2021 CON ABANCA 300.000 € OBRAS IDAE.

Considerando que se iniciou o procedemento para a concertación dunha operación de crédito a curto prazo, por importe de 300.000 €, para financiar as obras subvencionadas polo IDAE expedientes 3636, 3639 e 4020 que esixen o pago das certificacións de obra con anterioridade ao cobro das subvencións concedidas.

Considerando que se emitiu por parte de secretaría informe sobre sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se emitiu por parte de intervención informe sobre as condicións que debía conter dita operación en aplicación do principio de prudencia financeira e dos aspectos referidos aos recursos cos que conta a Corporación para facer fronte a devolución mediante a pignoración das subvencións concedidas polo IDAE e pola Deputación Provincial.

Vista a proposta realizada pola entidade con presenza na Mezquita ABANCA para a formalización da operación de 4 de maio 2021 con vencemento de 1 ano cun importe de 300.000 euros cun tipo de interese de Euribor a 3 meses e 0,2620 con vencementos trimestrais e sin comisión salvo dispoñibilidade do 0,0250.

Visto o dictamen da Comisión de Facenda celebrada o 31 de maio no que se propón ó Pleno:

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade ABANCA a concertación da operación de crédito a curto prazo, por importe de 300.000 € nas seguintes condicións:

IMPORTE 300.000; PRAZO 1 ANO; INTERESE EURIBOR A 3 MESES E NOMINAL INICIAL 0,2620; COMISION DE DISPOÑIBILDADE 0,0250; COMISIONS DE APERTURA, ESTUDIO , CANCELACION;ANTICIPADA,CORRETAXE 0 EUROS

SEGUNDO. Notificar a adxudicación a ABANCA E PROCEDER A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido pola Presidencia á votación a aprobación deste punto o Pleno da Corporación APROBA co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e co voto a favor dos 5 integrantes do Grupo Municipal do BNG presentes na





sesión, e coa abstención dos Concelleiros D. José Rodríguez Gómez do PSOE e D. Jesús Río Piornedo do PP a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade ABANCA a concertación da operación de crédito a curto prazo, por importe de 300.000 € nas seguintes condicións ofertadas pola entidade con data 4 de maio 2021:

IMPORTE: 300.000 €

PRAZO: 1 ANO

INTERESE: Euribor a 3 meses e nominal inicial 0,2620

COMISIÓN DE DISPOÑIBILIDADE: 0,0250

COMISIÓN DE APERTURA: 0,000

COMISIÓN ESTUDIO: 0,000

COMISION CANCELACIÓN ANTICIPADA: 0,000

COMISIÓN MODIFICACIÓN: 0,000

GASTO POR GESTIÓN RECOBRO IMPAGOS: 0,000

CORRETAXE: 0,00

CONTA CORRIENTE DE CRÉDITO: IBAN ES40 2080 0430 3555 0000 1751

SEGUNDO. Notificar a ABANCA a adxudicación da Operación de Tesourería para proceder á sinatura do correspondente contrato.

16º.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE RISCO PARA A SAÚDE PÚBLICA TALES COMO "TRASTORNO DE ACUMULACIÓN", "SÍNDROME DE DIÓXENES" E SITUACIÓNS DE INSALUBRIDADE EN VIVENDAS E LOCAIS DO CONCELLO DA MEZQUITA.

Expón o Alcalde-Presidente a necesidade de contar con este protocolo que regule determinadas situacións de insalubridade e permita actuacións eficaces dos medios municipais á vista de experiencias vividas nalgunha vivenda do Concello.

Por unanimidade co voto favorable dos grupos municipais a Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Protocolo redactado polos Servizos Sociais Municipais nos termos seguintes:

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONCELLO DA MEZQUITA ANTE SITUACIÓNS DE RISCO PARA A SAÚDE PÚBLICA TALES COMO "TRASTORNO DE ACUMULACIÓN", "SÍNDROME DE DIÓXENES" E SITUACIÓNS DE INSALUBRIDADE EN VIVENDAS OU LOCAIS DO CONCELLO DA MEZQUITA

ANTECEDENTES

Nos últimos anos, estase a observar un aumento de problemáticas relacionadas coá denominada "Síndrome de Dióxenes" e ou "Trastorno por acumulación", afectando principalmente a persoas solitarias, de idade avanzada, xeralmente, e que pole xurdir en todos os extractos sociais.

Caracterizandose por:

SINDROME DE DIÓXENES:

-Unha conduta de illamento voluntario, con ruptura das relacións sociais e unha inobservancia das normas convencionais.

-Unha conduta de auto negligencia con abandono da hixiene (tanto persoal como ambiental), como da alimentación e a saúde (a maior parte presentan estados nutricionais deficientes e enfermidades somáticas relevantes).

-Con tendencia a acumular compulsivamente grandes cantidades de lixo e/ou animais nos seus domicilios e vivir voluntariamente en condicións de pobreza extrema, a pesar de posuír medios económicos para levar mellores condicións de vida.





- Que se presenta en persoas en idade senil, que na súa maioría non presentan trastornos psiquiátricos maiores ou diferentes da propia Síndrome.
- Que rexeitan todo tipo de axudas, tanto sociais como familiares, ou se resisten a ser sacados dos seus domicilios.
- E que mostran rexeitamento activo a cambiar de vida ou de conduta, con tendencia a volver a súa forma de vida cando son dados de alta nunha institución sanitaria ou social ou se descoide a súa vixilancia.

En definitiva, pódese concluír, que a "Síndrome de Dióxenes" é unha conduta de illamento, con ruptura das relacións sociais, negligencia das necesidades de hixiene persoal e ambiental, reclusión domiciliaria, rexeitamento das axudas sociais ou familiares, e negación da situación patolóxica, que se presenta habitualmente en persoas ancians solitarias.

TRASTORNO POR ACUMULACIÓN:

- Adquisición e almacenamento de obxectos e incapacidade para desfacerse de eles, aínda que sexan inservibles, este almacenamento será de maneira desordeada.
 - Afecta a persoas de calquera idade, extracto social, non tendo por que existir un illamento social.
 - Debida a acumulación excesiva de obxectos e pertenzas as condicións de salubridade da vivenda pódense ver afectadas e incluso a mobilidade no interior da mesma.
- En definitiva, pódese concluir, que o "Trastorno por Acumulación", é unha conducta de almacenamento que afecta principalmente o domicilio da persoa afectada, pasando desapercibido en moitas ocasións porque non existe un abandono do autocoidado nin detrimento das relacións sociais.
- Estas circunstancias orixinan, en determinados casos, verdadeiros problemas de salubridade, pois xunto ao risco evidente para a saúde da persoa afectada, a situación de acumulación de lixos incide directamente na saúde e seguridade da veciñanza, dando lugar a malos cheiros, pragas, situacións de alto risco de incendio, etc.
- É por iso, que as Administracións Públicas, no ámbito competencial propio de cada unha delas, deben intervir na prevención e corrección destes problemas de salubridade pública, e facilitar aos/as afectados/as o oportuno tratamento integral dirixido a paliar os efectos da falta de hixiene, malnutrición dos e atención sanitaria, tendente a que a situación non volva repetirse.

Iso conleva, necesariamente, que a Administración proceda a enmendalas deficiencias hixiénico-sanitarias da vivenda da persoa afectada por estas problemáticas, retirando, cando non se fai de forma voluntaria, os lixos, desperdicios e obxectos acumulados e procedendo, cando fora necesario, á desinfección e desinsectación, de tal forma que se recuperen as adecuadas condicións de habitabilidade da mesma. É neste ámbito, na protección da salubridade, no que debe desenvolverse a actuación do Concello, en virtude da asignación competencial derivada da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Art. 25.2), sen prexuízo de prestar a debida colaboración ao resto de administracións implicadas en virtude dos principios de cooperación e de asistencia activa.

Por iso, resulta preciso que a actividade das distintas Áreas e Servizos Municipais (Servizos Sociais básicos e especializados CIM, Protección Civil, Servizos de Aguas, Servizo de Limpeza, e Departamento de Urbanismo) con implicación na materia, resulte eficaz e coordinada, de tal forma que cada cal coñeza o seu ámbito competencial e a actividade que debe despregar.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu Artigo 21, establece que en particular, corresponde ao Alcalde dirixir o goberno e a administración municipal (apartado a) así como ditar Bandos, (apartado e). Así mesmo, o





Artigo 25 da mesma Lei sinala que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. E que exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: j) Protección da salubridade pública; e e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Doutra banda o Artigo 27 establece que o Estado e as Comunidades Autónomas no exercicio das súas competencias poden delegar nos Municipios o exercicio entre outras a do apartado c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade, de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller. Pola súa banda, a Lei 14/1986, do 25 de Abril, Xeneral de Sanidade, establece no seu Artigo 42.3 que os Concellos, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán as seguintes responsabilidades mínimas en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios: c) Control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana. En base ao exposto, o Protocolo de actuación do Excmo. Concello de Da Mezquita, no exercicio das competencias que lle son propias en materia de protección da salubridade pública, nos casos asociados á denominada "Síndrome de Dióxenes", o "Trastorno de Acumulación" e situacións de análogas características, será o seguinte:

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

PRIMEIRO.- DETECCIÓN OU COÑECEMENTO.

O coñecemento, detección ou noticia dunha posible situación que afecte á salubridade ou seguridade públicas, e que se poida catalogar como caso de "Síndrome de Dióxenes" "Trastorno de Acumulación" ou situacións de insalubridade poderá vir por distintas vías:

-Por denuncia ou queixa da veciñanza ou ante a presenza de malos cheiros, pragas de insectos, etc. ou naqueles casos en que aparentemente a situación parece normalizada pero hai algunha acción na persoa que nos poida indicar que se pode estar dando a situación de abandono. Estas denuncias poderán efectuarse individualmente ou a través de Comunidades de Propietarios ou de Veciños, Asociacións, etc. O Concello Da Mezquita salvaguardara a identidade da persoa denunciante.

As denuncias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello da Mezquita.

-Por actuacións da Administración, sexa Local, Autonómica ou Estatal, ao dar resposta a outras demandas que esixan a súa intervención. Así: Informes da Garda Civil; Visitas domiciliarias dos Servizos Sociais; Actuacións sanitarias; etc.

-Por denuncia de familiares, formalizadas igualmente por escrito e presentada no Rexistro do Concello.

En todos os supostos, a denuncia, informe, dilixencia de actuación, etc. dará lugar á incoación do correspondente Expediente Administrativo Municipal que se levará a cabo polo departamento de Servizos Sociais.

SEGUNDO.- ACTUACIÓN MUNICIPAL.

Para iso, deberá terse en conta os seguintes puntos e actuacións:

-Apertura de expediente no Departamento de Servizos sociais para o estudio e valoración, da situación: visita domiciliaria, coordinación cos servizos sanitarios, contacto con familiares, e todas a queas xestións intrínsecas ao traballo social. Emisión do informe social relativo a persoa usuaria e a unidade de convivencia.

- Inspección sanitaria da vivenda: Neste caso, e se o Concello non dispón de persoal técnico competente para emitir informe técnico-sanitario, solicitarase aos Servizos





Técnicos competentes a súa intervención en aplicación do artigo 141.1.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Emisión de Acta-Informe no que se consignará o estado da vivenda de ser este correcto procederase ao arquivo do expediente

-Trámite de Audiencia a persoa interesada, coas notificacións segundo a Lei de Procedemento Administrativo.

-Resolución da Alcaldía, ou da Concellería-Delegada competente segundo a materia, que inclúa a correspondente Orde de Execución, prazo para a execución voluntaria, e o apercebimento expreso de execución forzosa subsidiaria en caso de incumprimento. Dita Resolución deberá notificarse correctamente de conformidade coa Lei de Procedemento Administrativo Común vixente.

-Unha vez vencido o prazo concedido para a execución voluntaria, a inspección sanitaria, acompañada da Garda Civil, se fora o caso, constatará se se produciu ou non a limpeza da vivenda de conformidade coa Resolución ditada.

Se o informe fora positivo, procederase ao arquivo do Expediente, o departamento de Servizos Sociais realizara o seguimento para a comprobación da estabilidade do cambio.

Se fora negativo, faranse constar as circunstancias concretas e a súa motivación, e especialmente se se permitiu ou non a entrada á vivenda.

Neste caso, notificarase ao/a afectado/a o día e a hora en que se levará a cabo a execución forzosa subsidiaria, informándolle que de non permitir a entrada para iso, solicitarase a autorización xudicial de entrada ao domicilio. Se se permitise a entrada, efectuaranse os labores de limpeza e, no seu caso de desinfección e desinsectación, con cargo ao/a ocupante da vivenda.

-Na solicitude ao Xulgado do Contencioso-Administrativo para a entrada no domicilio afectado, deberá indicarse o obxectivo da mesma (inspección, limpeza, seguridade), e en todo caso, que se fai en execución de Acto Administrativo firme e ditado de conformidade co Procedemento Administrativo, e que non se cumpriu coa execución voluntaria do devandito Acto. Así mesmo, indicarase a urxencia do caso a efectos de poder acurtar os prazos de alegacións tanto do Ministerio Fiscal como do interesada.

Á solicitude deberá acompañarse, necesariamente copia do Expediente Administrativo completo; Informes Técnicos, fundamentalmente sanitarios; Informes do Departamento de Servizos Sociais sobre o núcleo familiar; e Informes e Acta levantados pola Garda Civil.

TERCEIRO.- COORDINACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS.

1.- Secretaría e Asesoría Xurídica.

- Calquera actuacións ou comunicación que se insten ou dirixan aos órganos xurisdicionais con competencias na materia deberán ser cursadas a través da Secretaría , á que ademais corresponde os seguintes labores:

-Solicitar a autorización xudicial necesaria para a entrada no domicilio.

-Previo informe dos Servizos ou Unidades actuantes, informar o Xulgado do fin do Expediente, unha vez finalicen as actuacións.

2.- Garda Civil.

Cando no desempeño das súas funcións teña coñecemento da existencia dun suposto das características aquí contempladas, a súa actuación consistirá en:

a) Comunicar ao departamento de servizos sociais a situación detectada

b) Emitir informe motivado sobre se as persoas ocupantes da vivenda permitiron a entrada na mesma, ben para labores de inspección ou para tarefas de limpeza.

c) Estar presentes e emitir informe motivado da actuación concreta en cumprimento da Autorización Xudicial de entrada e limpeza do domicilio afectado, e remitir ao Xulgado o informe elaborado.

3.- Servizos Sociais.





A súa actuación centrarase na atención á problemática social das persoas residentes na vivenda:

-Se como consecuencia das intervencións propias da súa competencia, detéctase algún suposto, iniciaranse as pautas de actuación recollidas neste protocolo.

-Seguimento da unidade familiar afectada coa apertura do correspondente expediente familiar, e estudo e aplicación de medidas persoais e económicas, tentando realizar unha labor educativa destinada a prevención secundaria de este tipo de situación.

-Coordinación, se procede, cos servizos sanitarios e sociais da Administración Autonómica.

-Exercer de canle de comunicación entre os diferentes servizos locais implicados .

4.- Servizos Municipais do Concello Da Mezquita.

-Os Servizos municipais , realizarán por se ou por empresa contratada para o efecto, as xestións precisas para a limpeza do domicilio e a retirada de lixos . Deberán coordinar a entrada ao domicilio, para executar a Orde de limpeza, cos Servizos Sociais, Garda Civil, e, no seu caso, cos Servizos de Protección Civil.

-Remitirán informe das súas actuacións ao Servizo de Sanidade Municipal.

-Previo informe de Servizos Sociais, xestionará a cobranza dos labores efectuados.

-Os responsables municipais velaran pola existencia dos servizos básicos (auga, luz..), no domicilio da persoa afectada, realizando para elo as xestións oportunas, tanto coas empresas suministradoras como co departamento de Servizos Sociais

CUARTO.- COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓN.

- Consellería de Sanidade:

Os Servizos Sociais Municipais coordinarán a súa actuación cos Servizos Sanitarios de Saúde Mental para a detección, diagnóstico e tratamento dos casos de "Síndrome de Díoxenes".

- Consellería de Benestar Social:


Os Servizos Sociais Municipais coordinarán a súa actuación coa Consellería de Benestar Social ao obxecto de localizar recursos residenciais para o aloxamento alternativo con carácter provisional ou definitivo; así como os recursos persoais e materiais para o seguimento e atención as persoas afectados.

- Xulgados da Orde Civil e Contencioso-Administrativo.:

Cando non exista colaboración por parte dos/as afectados/as ou as súas familias, solicitarase as autorizacións pertinentes para o acceso ao domicilio e limpeza, ingreso involuntario e incapacitación, cando procedan.

A presente instrución será notificada a todas as Delegacións, Áreas, Servizos e unidades administrativas que deban intervir no Protocolo descrito, ou que deban coñecer o seu contido por razóns das competencias que lle foran asignadas.





17º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERGÍA EÓLICA SUSTENTABLE, XUSTA E GALEGA FRENTE Ó EXPOLIO E A DEPREDAÇÃO.

O Alcalde-Presidente defende a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG diante da problemática suscitada pola instalación de Parques Eólicos que non inciden nunha repercusión económica e social favorable para Galicia e as comarcas afectadas e só pretenden aproveitarse dun recurso co que conta o noso país para beneficiar interese alleos.

Sometida a votación a moción resulta aprobada cos 5 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, co voto en contra do portavoz do PP e a abstención do portavoz do PSOE, adoptando a Corporación Municipal o seguinte





ACORDO Exposición de motivos:

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do "verde" asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega.





Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o Pleno do Concello da Mezquita acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. *Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.*

2. *Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.*

3. *Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras*

(comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4. *Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:*

a) *Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.*

b) *Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.*

c) *Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.*





5. *Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:*

- a) *Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.*
- b) *Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.*

Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

18º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DOS AUTÓNOMOS E DAS PEMES AFECTADOS POLAS RESTRICCIÓNS IMPOSTAS POLA CRISE SANITARIA DERIVADA DO COVID-19

Preséntase polo voceiro do PP da Mezquita D. Jesús Río Piornedo a seguinte moción:

O Grupo Municipal Popular no concello de A Mezquita de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

A) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de outubro rexistrouse en España, e na maioría dos países europeos, unha tendencia ascendente no número de casos de COVID-19. O incremento da transmisión está afectando a grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento.

A Xunta de Galicia, desde a declaración de situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo de 2020, está dando resposta a esta crise sanitaria adoptando, ao abeiro da lexislación sanitaria, medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do Conselleiro de Sanidade, en atención á evolución territorial da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa finalidade de revertir a tendencia ascendente desta enfermidade e evitar acadar un nivel de sobrecarga do sistema sanitario como o que se experimentou na primeira vaga da pandemia, o 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.





Neste Real Decreto, con vixencia prorrogada ata 09 de maio de 2020, habilítanse aos presidentes das Comunidades Autónomas, como autoridades competentes delegadas, a adoptar medidas limitativas da circulación de persoas en horario nocturno, da entrada e saída de persoas do territorio autonómico, da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados, así como aquelas outras que se estimen necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Neste contexto normativo derivado do vixente estado de alarma, e ante a evolución da situación epidemiolóxica, o presidente da Xunta de Galicia, como autoridade competente delegada, adoptou os Decretos 178/2020, 179/2020 e 181/2020 e 182/2020. Nestes decretos e nas ordes complementarias da Consellería de Sanidade recóllense unha serie de medidas recomendadas polos expertos do Subcomité clínico, que implican para os habitantes do noso concello unha serie de limitacións na súa liberdade de desprazamento, así como na permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.

A crise económica, derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día ao carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERT Es; plan de dixitalización para as pernes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio ou na automoción; o Plan de Reactivación do sector cultural, o Cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do do emprego nos sectores máis afectados pola Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostalería, neste mesmo de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas -compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e pernes- que se está ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administracións debemos continuar afondando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos máis afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

En definitiva, o noso concello debe traballar, coa máxima lealdade e coordinación coas restantes administracións, sendo sensible as graves dificultades económicas que están sufrindo moitos autónomos e pemes dedicados a servizos como os do comercio ou a hostalería, entre outros, que viron reducido dun xeito importante o seu nivel de facturación. É urxente que todas as administracións, cada unha dende o seu ámbito competencial, adoptemos medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica.

Dende este concello tamén debemos achegar liquidez a estas pemes e autónomos, minorar a carga impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido produtivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación das mesmas, así





como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de A Mezquita presenta a seguinte:

B) PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde 0 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.
2. Destinar parte dos fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generation Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.
3. Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas ou xurídicas nas que conorra

a dobre condición de titular do ben inmueble e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde 0 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

4. Proceder á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde 0 13 de marzo de 2020, así como das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.
5. Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc)





6. Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.
7. Realizar unha campaña institucional de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local.

DEBATE

Manifesta o Sr. Alcalde que o Grupo Municipal do BNG considera que as competencias no apoio ós autónomos correspondenlle á Xunta de Galicia e ó Goberno do Estado e que o Concello tense involucrado na potenciación do sector, no apoio á dinamización turística e ó consumo local, pero non ve apropiado aprobar a moción

VOTACION E ACORDO

Sometida a votación a moción presentada resulta REXEITADA con 5 votos en contra do grupo municipal do BNG e o voto a favor do voceiro do PP e a abstención do voceiro do PSOE.

19º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN DEFENSA DO SERVIZO DE CORREOS.

Da conta o voceiro do PP da seguinte moción en defensa do servizo público de correos:

MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS

O Grupo Municipal Popular no Concello de A Mezquita de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto como o actual, o servizo postal prestado por Correos xoga un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económica do país, tanto a nivel estatal, como autonómico e especialmente no ámbito municipal, percorrendo e atendendo diariamente todas as localidades e municipios do Estado, garantindo a prestación dun servizo público á cidadanía, empresas e administracións na totalidade dos núcleos de poboación, á marxe da súa rendibilidade económica.

Os datos pñeno en valor: máis de 8.000 municipios atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis do 99% son pemes) e un total de 7.100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros/ as rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.

Os Servizos Postais, declarados durante o estado de alarma como servizos esenciais e recoñecidos como un elemento de vertebración e cohesión territorial, son un valor arraigado na vida social dos municipios desde a prestación dun Servizo Público, contribuíndo ao desenvolvemento económico dos mesmos, facilitando e dando accesibilidade ao dereito de cidadáns/ as, comercios, empresas e administracións a dispoñer dun servizo postal a prezo alcanzable e de calidade. Pero coas actuais políticas estratéxicas e de xestión da Dirección de Correos este dereito está a limitarse.





Mostramos a nosa profunda preocupación polo enfraquecemento do servizo público postal, que está a levar a cabo a Dirección de Correos, mediante o recorte de servizos rurais, a externalización de servizos, o transvasamento da actividade a outras empresas e, polos resultados económicos negativos que debilitan o servizo postal público de Correos ao que se lle encomenda a súa prestación como operador público, afectando directamente ao dereito da cidadanía á recepción de correspondencia de forma accesible e alcanzable, especialmente na España baleirada.

Na provincia de Ourense a empresa SAE Correos e Telégrafos S.A., S.M.E. suprimiu 20 postos de traballo, e concretamente na localidade de Ourense decidiu suprimir 7. Así mesmo, tivemos coñecemento que a empresa pública está a levar a cabo un recorte na contratación que está a deixar sen cubrir o emprego estrutural así como os permisos e calquera tipo de ausencia dos traballadores e traballadoras.

Como consecuencia desta decisión, con toda seguridade, os servizos de distribución postal prestados ata o de agora nestas unidades de repartición baixarán a súa calidade drásticamente, co conseguinte prexuízo para os cidadáns/ as e empresarios/ as da Provincia de Ourense.

Igualmente manifestamos que esta decisión adóptase sen previa consulta, sen información, polo que descoñecemos os motivos polos que se adopta, a pesar de afectar directamente ós intereses dos cidadáns/as aos que lexítimamente representamos.

A actual Lei Postal e outras normas dependentes recoñecen sen lugar a dúbida que:

- Todos os/ as usuarios remitentes ou destinatarios de envíos postais teñen dereito a un servizo postal universal de calidade prestado de forma permanente, en todo o territorio nacional e a prezos alcanzables, polo menos cinco días á semana, conforme á normativa europea e nacional de aplicación.*
- O alcance e a prestación efectiva do servizo postal universal deberán responder os principios de cohesión social e territorial, non discriminación por razón de calquera circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberá adecuarse permanentemente ás condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades dos usuarios, en particular en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade aos mesmos, sen menoscabo da súa calidade.*

Polo exposto, o Pleno do Concello de A Mezquita, a través desta MOCIÓN, REQUIRE A:

- A SAE CORRE-OS E TELEGRAFOS, S. ME;*
- Á SOCIEDADE ESTATAL DE PARTICIPACIÓNS INDUSTRIAIS (SEPI);*
- Ao MINISTERIO DE FACENDA;*
- Ao MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD E AXENDA URBANA;*

- E Ao GOBERNO DA NACIÓN,*

para que adopten as seguintes medidas, que entendemos necesarias para garantir a prestación dos servizos postais e a súa permanencia na Provincia de OURENSE:

- 1^a.- Afrontar dilixentemente a cobertura dos postos estruturais suprimidos na Unidade de Repartición de OURENSE necesarios para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.*





2^a .- Manter a calidade das condicións laborais, garantindo un persoal con suficientes traballadores e traballadoras que permita as correspondentes substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións, cun reforzo da capilaridade de Correos ampliando o número de oficinas, unidades de repartición e centros de tratamento co fin de lograr o maior achegamento ao cidadán/a e lograr as condicións óptimas de accesibilidade marcadas pola Lei Postal e a Directiva Postal Europea..

3^a .- Garantía dos compromisos de financiamento que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por Lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que todos os cidadáns/ as reciban a repartición de correspondencia 5 días á semana como mandata a Directiva Postal europea. E reforzar o financiamento do servizo público postal, claramente insuficiente na actualidade, no próximo Plan de Prestación a aprobar polo Consello de ministros, de modo que se asegure un servizo de calidade para o conxunto da cidadanía. Tamén para asegurar a cohesión social, económica e territorial.

4^a Incluír a Correos, a maior empresa pública do noso país, na repartición dos Fondos para a Recuperación, Transformación e Resiliencia, para que xogue un papel cruce na resposta que, como sociedade, debemos dar á crise sanitaria e económica provocada pola COVID.

5^a Actualización, mantemento ou creación (como é o caso do Concello de A Mezquita) das Oficinas auxiliares (rurais) e Unidades de Repartición existentes nas zonas Rurais, claves na reversión da "España Baleirada". E a única maneira de contribuír a que aquelas áreas xeográficas de repartición deficitarias economicamente poidan gozar dun Servizo Postal en igualdade de condicións respecto a a poboación dos grandes núcleos urbanos.

Darase traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados, á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana e ao Ministerio de Facenda.

Sometida a votación pola Presidencia resulta aprobada por unanimidade co apoio dos grupos municipais.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e corenta minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

